

Boletín CITMAGA Nº 4-2022

–Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia– (05/04/2022)

Información da dirección.....	1
Seminario de Iniciación á Investigación.....	2
Seminarios, xornadas e outros eventos.....	2
Convocatorias.....	3
Participación de CITMAGA no CEDYA 2022	3
Outras novas de interese.....	4
CITMAGA en Redes.....	4

Información da dirección

Prezadas compañeiras e prezados compañeiros:

Ao longo desta semana, publicaranse a través do [SEPE \(Servizo Público de Emprego Estatal\)](#), as ofertas de emprego de CITMAGA no marco do programa INVESTIGO 2021 para a incorporación durante 12 meses dun tecnólogo/o e oito investigadoras/es. Debido ás condicións do programa, esta convocatoria de emprego só será publicitada a través do SEPE, polo que as persoas interesadas deberán estar dadas de alta como demandantes de emprego.

Para aqueles interesados nos prazas de investigadores, pediremos como requisito mínimo estar graduada/o en Matemáticas, Estatística ou Físicas. Para aqueles interesados na praza de tecnólogo/o, solicitaremos como requisito mínimo estar graduada/o, e como ocupación segundo o [Catálogo Nacional de Ocupacións](#) a 3404 Profesionais de apoio en servizos estatísticos, matemáticos e afíns.

Agradecemos a máxima difusión desta información, e se coñecedes a persoas que potencialmente poidan estar interesadas (graduadas/os, tituladas/os de máster, alumnado de máster, alumnado de doutorados ou doutoras/es), animádeas/os a que se inscriban como demandantes de emprego para poder optar a estas ofertas de emprego do CITMAGA no marco do programa INVESTIGO 2021.

Un saúdo,


Rosa M. Crujeiras, Directora Científica (en funcións)

Javier Roca, Director Adxunto de Transferencia (en funcións)

**Consorcio Centro de Investigación
e Tecnoloxía Matemática de Galicia**
www.citmaga.gal

Edif. Instituto Investigaciones Tecnológicas, planta -1
Rúa de Constantino Candeira s/n.
15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.
citmaga@citmaga.gal | Telf.: +34 881 813 357

Seminario de Iniciación á Investigación



Particularidades de la geometría en curvatura negativa

Sergio Herrero Vila

Área de Xeometría e Topoloxía

Día 6 de abril de 2022, 17:00h
Salón de Graos, Facultade de Matemáticas

La geometría hiperbólica es un modelo de geometría que, a diferencia de la euclídea, solamente satisface los cuatro primeros postulados de Euclides. La idea de esta charla es introducir los fundamentos básicos de este modelo y algunas de sus propiedades más interesantes desde una doble perspectiva, geométrica y topológica.

SII SEMINARIO DE INICIACIÓN Á INVESTIGACIÓN

CITMAGA CENTRO DE INVESTIGACIÓN E TECNOLOXÍA MATEMÁTICA DE GALICIA

USC OBSERVATORIO ASTRONÓMICO Universidad de Vigo

Particularidades da xeometría en curvatura negativa, Sergio Herrero Vila (Área de Xeometría e Topoloxía).

Resumo: A xeometría hiperbólica é un modelo de xeometría que, a diferenza da euclídea, soamente satisfai os catro primeiros postulados de Euclides. A idea desta charla é introducir os fundamentos básicos deste modelo e algunhas das súas propiedades máis interesantes desde unha dobre perspectiva, xeométrica e topolóxica

Data: Mércores, 6 de abril de 2022

Lugar: Salón de Graos, Facultade de Matemáticas, da USC.

Hora: 17:00h

Seminarios, xornadas e outros eventos

XX JORNADAS DE TRABAJO EN MECÁNICA CELESTE / XX WORKSHOP ON CELESTIAL MECHANICS

📅 20-22 de Xuño, Sanxenxo.

📍 Presencial, Auditorio Emilia Pardo Bazán do Concello de Sanxenxo.

Ligazón da web das xornadas de traballo 🌐 <https://www.usc.es/astro/20jtmc/>

Inscripción: [XX Jornadas de Mecánica Celeste \(usc.es\)](https://www.usc.es/astro/20jtmc/)

Programa (polo de agora non dispoñible na web).

Organizado polo Observatorio Astronómico Ramón María Aller.

CITMAGA participa e apoia estas xornadas como entidade colaboradora das mesmas.

**Consorcio Centro de Investigación
e Tecnoloxía Matemática de Galicia**
www.citmaga.gal

Edif. Instituto Investigaciones Tecnológicas, planta -1
Rúa de Constantino Candeira s/n.
15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.
citmaga@citmaga.gal | Telf.: +34 881 813 357

Convocatorias

SE TES INTERESE EN CONCORRER A ESTAS OU OUTRAS CONVOCATORIAS, CONTACTA COA UNIDADE DE INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA DE MATEMÁTICA Á INDUSTRIA (ITMATI) DE CITMAGA: itmati@itmati.com

- A semana pasada lanzouse a programa “Destination Earth”. Aquí tedes o detalle das convocatorias:
 - On-demand Extremes Digital Twin: [timeline](#) and [details](#) .
 - Climate Adaptation Digital Twin: [timeline](#) and [details](#) .
- Convocatorias abertas cos fondos Next Generation e outras convocatorias nacionais de proxectos.
📁 Información Convocatorias: pódese ver ([preme aquí](#))
- Planificación das convocatorias 2021-2022 da Agencia Estatal de Investigación (AEI). A Agencia Estatal de Investigación (AEI) actualizou a planificación das súas convocatorias 2021-2022. O documento cobre as convocatorias 2021 que aínda non se resolveron, e as convocatorias que se espera publicar no primeiro semestre 2022 e as previstas para o 2º semestre 2022.
📁 Información Convocatorias: pódese ver o documento ([preme aquí](#))
- Planificación das convocatorias para o ano 2022 da Axencia Galega de Innovación. Xa está publicada a planificación para o ano 2022 das axudas da Axencia Galega de Innovación.
📁 Información Convocatorias: podes atopalo clicando en [MAPA DE APOIOS 2022](#) .

Participación de CITMAGA no CEDYA 2022

Chamamento á participación de CITMAGA no “Minisymposium” CEDYA 2022. Como quizais coñezades, a **Red Española de Matemática e Industria** ([math-in.net](#)) organiza o minisymposium “**Industrial Applications (A math- in Session)**” no [XXVII CONGRESO DE ECUACIONES DIFERENCIALES Y APLICACIONES XVII CONGRESO DE MATEMÁTICA APLICADA \(CEDYA/CMA\)](#) que terá lugar en Zaragoza do 18 ao 22 de xullo de 2022.

Desde o Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia (CITMAGA) considerouse de esencial importancia participar neste minisymposium. É por iso polo que estamos a organizar unha sesión especial no marco do mesmo, que permita distinguir o labor de transferencia do noso centro. Actuarán como coordinadoras da sesión as investigadoras vinculadas ao CITMAGA, Dolores Gómez Pedreira e Pilar Salgado Rodríguez.

A sesión ten como título tentativo “**Success Stories between Academia and Industry at CITMAGA**”. Para esta sesión foron presentadas polo CITMAGA 8 propostas de contribución. Agradecemos a todas e a todos a vosa participación e interese.

Outras novas de interese

O CITMaga convértese en socio institucional da Real Sociedad Matemática Española (RSME). O 28 de marzo de 2022 o noso centro converteuse en socio institucional da RSME.

Solidaridade cos investigadores refuxiados de Ucraína/ Solidarity with refugee researchers of Ukraine. Carta do Director Xeral de Investigación e Innovación da Comisión Europea, solicitando o noso apoio aos investigadores de Ucraína. Gustaríanos pedirvos que prestedes especial atención aos investigadores de Ucraína cando se publiquen e cubran as vacantes no contexto dos vosos proxectos financiados pola UE. [📄 Preme aquí para ver a carta.](#)

Chamamento a través da Rede Math-in para a participación neste acto en liña do IECA.

O IECA, Instituto de Estatística e Cartografía de Andalucía, está a desenvolver un ambicioso plan estratéxico co que se quere establecer e no seu caso potenciar colaboracións con equipos de investigación en Estatística de toda España nas áreas que son do seu interese. Con esta finalidade o IECA ten previsto realizar un acto on- line de presentación na mañá do próximo xoves 7 de abril ás 11:00, que debe ser unha primeira toma de contacto cos equipos interesados en explotar vías de colaboración. Para os equipos de math- in con interese nos datos esta xornada pode ser un importante punto de arranque para colaboracións posteriores. Desde math-in anímannos a que reserves de 11:00 a 13:00 h da mañá do 7 de abril de 2022 para asistir virtualmente ao evento, e agradécennos a distribución entre colegas interesados da información do mesmo.

📁 Para máis información do evento e solicitar a inscrición: pódese ver [📄 \(preme aquí\)](#)

Emerxencia climática: Rebelión Científica.

Rebelión Científica é un movemento social internacional de persoas da comunidade científica que senten o deber moral de expoñer a situación de indefensión ante a crise climática e ecolóxica. Neste [📄 artigo divulgación](#) podes atopar máis información sobre o movemento.

CITMaga en Redes

Desde Math- in, a semana pasada, publicouse en twitter un novo fío dando visibilidade a un dos socios da rede, CITMaga, podedes ver os tweets que se propuxeron desde o Centro aquí:

- Twitter. https://twitter.com/Red_mathin/status/1509817967789457430
- LinkedIn. <https://www.linkedin.com/feed/update/urn:li:activity:6915585653548167169/>

CITMaga apoiou esta iniciativa da rede Math- in de difundir á sociedade, e en particular ás empresas que a seguen en redes sociais, para que deste xeito poidanse coñecer as capacidades, experiencias e intereses científico-técnicos de todos os membros da rede.

Animámosvos tamén a seguir a CITMaga en [Twitter](#) e [LinkedIn](#)

